

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

13121 *REAL DECRETO 948/2005, do 29 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 1254/1999, do 16 de xullo, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos cales interveñan substancias perigosas.* («BOE» 181, do 30-7-2005.)

A Directiva 96/82/CE do Consello, do 9 de decembro de 1996, relativa ao control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos cales interveñan substancias perigosas, ten por obxecto a prevención de accidentes graves nos cales interveñan substancias perigosas e a limitación das súas consecuencias para as persoas e o ambiente. Esta directiva foi incorporada ao noso ordenamento xurídico mediante o Real decreto 1254/1999, do 16 de xullo, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos cales interveñan substancias perigosas, posteriormente modificado polo Real decreto 119/2005, do 4 de febreiro.

O 31 de decembro de 2003, publicouse no Diario Oficial de la Unión Europea, a Directiva 2003/105/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2003, pola que se modifica a Directiva 96/82/CE do Consello, do 9 de decembro de 1996, relativa ao control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos cales interveñan substancias perigosas, no que se refire aos seguintes aspectos:

a) En primeiro lugar, a ampliación do ámbito de aplicación, de acordo coas leccións aprendidas dalgúns accidentes industriais recentes e os estudos sobre carcinóxenos e substancias perigosas para o ambiente efectuados pola Comisión por instancia do Consello.

Así, a vertedura de cianuro que contaminou o Danubio após o accidente de Baia Mare, en Romanía, en xaneiro de 2000 puxo de manifesto que algunhas actividades de almacenamento e tratamento da minaría, en especial as instalacións de evacuación de residuos, incluídos os diques ou balsas de residuos, podían ter consecuencias ambientais moi graves.

Pola súa vez, o accidente pirotécnico de Enschede, en Holanda, ocorrido en maio de 2000 puxo de manifesto que o almacenamento e a fabricación de substancias pirotécnicas e explosivas carrega riscos graves de accidentes. Por conseguinte, procédese a clarificar e simplificar a definición destas substancias na Directiva 96/82/CE.

Igualmente, a explosión que tivo lugar nunha fábrica de fertilizantes de Toulouse, Francia, en setembro de 2001 puxo de manifesto o perigo que supón o almacenamento de nitrato de amonio e de fertilizantes a base de nitrato de amonio, en particular de materiais refugados durante a fabricación ou devoltos ao fabricante (denominados materiais «fóra de especificación»). Por conseguinte, debíanse revisar as actuais categorías de nitrato de amonio e de fertilizantes a base de nitrato de amonio da Directiva 96/82/CE para incluír os materiais «fóra de especificación».

Así mesmo, os estudos efectuados pola Comisión en estreita cooperación cos Estados membros avogaron por ampliar a lista de carcinóxenos con cantidades limiar adecuadas e rebaixar significativamente as cantidades limiar asignadas ás substancias perigosas para o ambiente na Directiva 96/82/CE.

b) En segundo lugar, a introdución duns prazos mínimos para as notificacións e a elaboración das políticas de prevención de accidentes graves, os informes de segurancia e os plans de emerxencia, no caso dos establecementos existentes que vaian entrar con posterioridade no ámbito de aplicación da Directiva 96/82/CE.

c) En terceiro lugar, a consideración da experiencia e os coñecementos do persoal especializado do establecemento á hora de elaborar os plans de emerxencia. O reforzamento da obriga de que todas as persoas do establecemento, así como das persoas que poidan resultar afectadas, deban ser convenientemente informadas das medidas e iniciativas en materia de segurancia.

d) En cuarto lugar, a matización dalgúns extremos da Directiva 96/82/CE, como os relativos ao efecto dominó, ao contido do informe de segurancia e á ordenación territorial.

e) Finalmente, a aplicación de forma independente da regra sumatoria para avaliar os riscos xerais relacionados coa toxicidade, a inflamabilidade e a ecotoxicidade, así como as aclaracións e matizacións dalgunhas notas do anexo I.

Por conseguinte, é necesario proceder á modificación do Real decreto 1254/1999, do 16 de xullo, para adaptalo á citada Directiva 2003/105/CE do Parlamento europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2003.

Na súa virtude, por proposta dos ministros do Interior, de Fomento, de Traballo e Asuntos Sociais, de Industria, Turismo e Comercio, de Sanidade e Consumo e de Medio Ambiente, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros do día 29 de xullo de 2005,

DISPÓÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1254/1999, do 16 de xullo, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves en que interveñan substancias perigosas.*

O Real decreto 1254/1999, do 16 de xullo, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves en que interveñan substancias perigosas, modifícase nos seguintes termos:

Un. A alínea e) do artigo 4 queda redactada da seguinte forma:

«e) As actividades dedicadas á explotación (exploración, extracción e tratamento) de minerais en minas e canteiras ou mediante perforación, coa excepción das actividades de tratamento térmico e químico e o almacenamento relacionado con estas operacións en que interveñan substancias perigosas tal como se definen no anexo I.»

Dous. Engádese unha nova alínea f) ao artigo 4, coa seguinte forma redacción:

«f) As actividades dedicadas á exploración e explotación mar dentro (off-shore) de minerais, incluídos os hidrocarburos.»

Tres. A actual alínea f) do artigo 4, que pasa a ser a g), queda redactada da seguinte forma:

«g) Os vertedoiros de residuos con excepción das instalacións operativas de evacuación de residuos mineiros, incluídos os diques ou balsas de residuos, que conteñan substancias perigosas tal como se definen no anexo I, en particular, cando se utilicen en relación co tratamento térmico e químico de minerais.»

Catro. A actual alínea g) pasa a ser a alínea h).

Cinco. Engádese unha nova alínea d) no número 2 do artigo 6, coa seguinte redacción:

«d) No caso de establecementos existentes que entren con posterioridade no ámbito de aplicación deste real decreto, deben presentar a notificación no prazo de tres meses contados a partir da

data en que este real decreto se aplique ao establecemento.»

Seis. A actual alínea c) do número 3 do artigo 6 pasa a ser a alínea d), e engádesse unha nova alínea c), coa seguinte redacción:

«c) A modificación dun establecemento ou unha instalación de forma que puideren derivar repercusións significativas nos riscos inherentes aos accidentes graves.»

Sete. Engádesse unha alínea d) no número 5 do artigo 7, coa seguinte redacción:

«d) No caso de establecementos existentes que entren con posterioridade no ámbito de aplicación deste real decreto, elaborárase no prazo de tres meses contado a partir da data en que este real decreto se aplique ao establecemento 2.»

Oito. A alínea b) do número 2 do artigo 8 queda redactada da seguinte forma:

«b) Tomen as medidas necesarias para garantir a cooperación na información á poboación e no fornecemento de información á autoridade competente para a elaboración de plans de emerxencia exterior.»

Novo. O parágrafo primeiro do número 2 do artigo 9 queda redactado da seguinte forma:

«2. A política de prevención de accidentes graves e o sistema de xestión da seguranza formarán parte do informe de seguranza, ademais dos datos e a información especificada na Directriz básica de protección civil para o control e planificación ante o risco de accidentes graves en que interveñen substancias perigosas, aprobada polo Real decreto 1196/2003, do 19 de setembro. No informe de seguranza indicaranse expresamente os nomes das organizacións pertinentes que participasen na súa elaboración e incluírá, ademais, o inventario actualizado das substancias perigosas existentes no establecemento. Así mesmo, o resultado da avaliación da extensión e da gravidade das consecuencias dos accidentes graves, contido no informe de seguranza, incluírá planos, imaxes ou, se é o caso, descricións equivalentes en que aparezan as zonas que se poden ver afectadas por tales accidentes ocorridos no establecemento, a reserva do disposto no número 3 do artigo 13 e no artigo 21.»

Dez. A actual alínea d) do número 6 do artigo 9 pasa a ser a alínea e), e engádesse unha nova alínea d), coa seguinte redacción:

«d) No caso de establecementos existentes que entren con posterioridade no ámbito de aplicación deste real decreto, no prazo dun ano contado a partir da data en que este real decreto se aplique ao establecemento.»

Once. O parágrafo segundo do número 1 do artigo 11 queda redactado da seguinte forma:

«O seu contido axustarase ao especificado na Directriz básica de protección civil para o control e planificación ante o risco de accidentes graves en que interveñen substancias perigosas e elaboráranse logo de consulta ao persoal do establecemento, de conformidade co disposto no capítulo V, relativo a consulta e participación dos traballadores, da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

Nesta consulta incluírase o persoal subcontratado afectado a longo prazo. No marco das obrigas derivadas da coordinación de actividades empresa-

riais a que se refire o artigo 24 da citada Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, o empresario titular do establecemento deberá trasladar o contido do plan de emerxencia a aquelas empresas cuxos traballadores desenvolvan de forma estable actividades no establecemento, co fin de que estas consulten os seus traballadores, nos termos do capítulo V da mencionada lei. Estas empresas deberán remitir as observacións recibidas dos seus traballadores ao empresario titular do establecemento. O deber de cooperación nesta materia será de aplicación a todas as empresas e traballadores autónomos que desenvolvan actividades no establecemento 2.»

Doce. Engádesse unha alínea d) no número 2 do artigo 11, coa seguinte redacción:

«d) No caso de establecementos existentes que entren con posterioridade no ámbito de aplicación deste real decreto, no prazo dun ano contado a partir da data en que este real decreto se aplique ao establecemento.»

Trece. Engádesse unha alínea d) no número 3 do artigo 11, coa seguinte redacción:

«d) No caso de establecementos existentes que entren con posterioridade no ámbito de aplicación deste real decreto, no prazo dun ano contado a partir da data en que este real decreto se aplique ao establecemento.»

Catorce. O número 6 do artigo 11 queda redactado da seguinte forma:

«6. Para elaborar os plans de emerxencia exterior, os órganos competentes das comunidades autónomas establecerán mecanismos de consulta á poboación que se puiden ver afectada por un accidente grave. Así mesmo, realizarase cando se efectúen actualizacións ou modificacións que supoñan cambios significativos nas condicións de seguranza da poboación afectada.»

Quince. O número 2 do artigo 12 queda redactado da seguinte forma:

«2. As políticas de asignación ou utilización do solo e outras políticas pertinentes, e os procedementos de aplicación desas políticas, terán en conta a necesidade, a longo prazo, de manter as distancias adecuadas entre, por unha parte, os establecementos previstos neste real decreto e, por outra, as zonas de vivenda, os edificios e as zonas frecuentadas polo público, os eixes importantes de transporte tanto como sexa posible, as zonas recreativas e as zonas que presenten un interese natural particular de carácter especialmente sensible, así como a necesidade, no que respecta aos establecementos existentes, de adoptar medidas técnicas complementarias de conformidade co artigo 5, co fin de non aumentar os riscos para as persoas.»

Dezaseis. O número 1 do artigo 13 queda redactado da seguinte forma:

«1. A autoridade competente, en cada caso, en colaboración cos industriais dos establecementos previstos no artigo 9, deberá asegurar que todas as persoas e todos os establecementos abertos ao público (tales como escolas e hospitais) que se poidan ver afectados por un accidente grave que se inicie nun establecemento previsto no artigo 9 reciban con regularidade e na forma máis apropiada, sen que teñan que solicitalo, a información sobre as medidas de seguranza que se deben tomar e sobre

o comportamento que se debe adoptar en caso de accidente.»

Dezasete. Engádese un segundo parágrafo no número 3 do artigo 13, coa seguinte redacción:

«Cando se trate de establecementos suxeitos ás disposicións do artigo 9, a autoridade competente, en cada caso, garantizará que se poña ao dispor do público o inventario das substancias perigosas previsto no artigo 9.2, sen prexuízo do disposto no número anterior e no artigo 21.»

Dezaoito. O parágrafo 4 da alínea 1.a) do artigo 16 queda redactado da seguinte forma:

«4. Proporcionar á Comisión, respecto aos establecementos previstos neste real decreto, a información sobre o nome e apelidos ou razón social do industrial e enderezo completo do establecemento correspondente, e sobre a actividade ou actividades do establecemento.»

Dezanove. O anexo I queda substituído polo anexo deste real decreto.

Vinte. As alíneas i) e v) do número 2 do anexo III quedan redactadas do seguinte modo:

«i) A organización e o persoal: definición das funcións e responsabilidades do persoal asociado á prevención e xestión dos riscos de accidentes graves en todos os niveis de organización. Definición das necesidades formativas do citado persoal, así como a organización de actividades formativas e participación dos empregados e do persoal subcontratado que traballen no establecemento.»

«v) A planificación ante situacións de emerxencia: adopción e aplicación de procedementos destinados a identificar as emerxencias previsibles segundo unha análise sistemática, así como a elaborar, comprobar e revisar os plans de emerxencia e proporcionar a formación ad hoc do persoal afectado. Esta formación afectará a todo o persoal que traballe no establecemento, incluído o persoal subcontratado pertinente.»

Disposición adicional única. *Adaptación á nova organización dos departamentos ministeriais.*

As referencias realizadas no Real decreto 1254/1999, do 16 de xullo, ao Ministerio de Industria e Enerxía e á Dirección Xeral de Industria e Tecnoloxía entenderanse efectuadas ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e á Dirección Xeral de Desenvolvemento Industrial, respectivamente.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma de Mallorca o 29 de xullo de 2005.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

“ANEXO I
Aplicación do real decreto

INTRODUCCIÓN

1. Este anexo aplícase á presenza de substancias perigosas en todo establecemento, conforme o disposto no artigo 3 deste real decreto determina a aplicación dos artigos correspondentes.
2. As mesturas e preparados trátanse do mesmo modo que as substancias puras sempre que se axusten aos límites de concentración establecidos conforme as súas propiedades segundo a regulamentación correspondente á última adaptación ao progreso técnico e indicada na nota 1 da parte 2, a menos que se indique especificamente unha composición porcentual ou outra descrición.
3. As cantidades que se indican a seguir como limiar refírense a cada establecemento.
4. As cantidades que hai que ter en conta para a aplicación dos artigos pertinentes son as máximas que estean presentes, ou poidan estar, nun momento dado. Para o cálculo da cantidade total presente non se terán en conta as substancias perigosas existentes nun establecemento unicamente nunha cantidade igual ou inferior ao dous por cento da cantidade indicada como limiar, se a súa situación dentro do establecemento é tal que non pode chegar a provocar un accidente grave en ningún outro lugar do establecemento.
5. As normas que figuran na nota 4 da parte 2, que regulan a adición de substancias perigosas ou categorías de substancias perigosas, serán de aplicación cando sexa conveniente.
6. Para os efectos deste real decreto, enténdese por gas calquera substancia que teña unha presión de vapor absoluta igual ou superior a 101,3 kPa a unha temperatura de 20°C.
7. Para os efectos deste real decreto, enténdese por líquido calquera substancia que non se defina como gas e que non estea en estado sólido a unha temperatura de 20 °C e a unha presión estándar de 101,3 kPa.

PARTE I

Relación de substancias

No caso de unha substancia ou grupo de substancias enumeradas nesta parte corresponder tamén a unha categoría da parte 2, deberanse ter en conta as cantidades limiar indicadas nesta parte 1.

| Columna 1 | Columna 2 | Columna 3 |
|--|---|-----------|
| Substancias perigosas | Cantidade limiar (toneladas) para a aplicación de | |
| | (Art. 6 e 7) | (Art. 9) |
| Nitrato de amonio (ver nota 1) | 5 000 | 10 000 |
| Nitrato de amonio (ver nota 2) | 1 250 | 5 000 |
| Nitrato de amonio (ver nota 3) | 350 | 2 500 |
| Nitrato de amonio (ver nota 4) | 10 | 50 |
| Nitrato de potasio (ver nota 5) | 5 000 | 10 000 |
| Nitrato de potasio (ver nota 6) | 1 250 | 5 000 |
| Pentóxido de arsénico, ácido arsénico (V) e/ou os seus sales | 1 | 2 |
| Trióxido de arsénico, ácido arsénico (III) e/ou os seus sales | | 0,1 |
| Bromo | 20 | 100 |
| Cloro | 10 | 25 |
| Compostos de níquel en forma pulverulenta inhalable (monóxido de níquel, dióxido de níquel, sulfuro de níquel, disulfuro de triníquel, trióxido de diníquel) | | 1 |
| Etilenimina | 10 | 20 |
| Flúor | 10 | 20 |
| Formaldehido (concentración 90%) | 5 | 50 |
| Hidróxeno | 5 | 50 |

| Columna 1 | Columna 2 | Columna 3 |
|--|--|-----------|
| Substancias perigosas | Cantidad limiar (toneladas) para a aplicación de | |
| | (Art. 6 e 7) | (Art. 9) |
| Os seguintes CARCINÓXENOS en concentracións superiores ao 5% en peso: 4-aminodifenilo e/ou os seus sales, tricolorbenceno, bencidina e/ou os seus sales, éter bis (clorometílico), clorometil metil éter, 1,2-dibromoetano, sulfato de dietilo, sulfato de dimetilo, cloruro de dimetilcarbamilo, 1,2-dibromo-3-cloropropano, 1,2-dimetilhidracina, dimetinitrosamina, triamida hexametifosfórica, hidracina, 2-naftilamina e/ou os seus sales, 4-nitrodifenil, 1,3-propanosulfona | 0,5 | 2 |
| Produtos derivados do petróleo: a) Gasolinas e naftas. b) Querosenos (incluídos carburorreacitores). c) Gasóleos (incluídos os gasóleos de automoción, os de calefacción e compoñentes usados nas mesturas de gasóleos comerciais). | 2 500 | 25 000 |

NOTAS

1. Nitrato de amonio (5 000/10 000): fertilizantes susceptibles de autodescomposición

Aplicase aos fertilizantes compostos e complexos a base de nitrato de amonio (os fertilizantes compostos e complexos conteñen nitrato de amonio con fosfato e/ou potasa) cuxo contido de nitróxeno debido ao nitrato de amonio represente:

- a. Entre o 15,75%¹ e o 24,5%² en peso, e que ou ben conteñan un máximo de 0,4% en total de materiais combustibles ou orgánicos, ou ben cumpran os requisitos do anexo III do Regulamento (CE) nº 2003/2003 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de outubro de 2003, relativo aos fertilizantes.

| Columna 1 | Columna 2 | Columna 3 |
|---|--|-----------|
| Substancias perigosas | Cantidad limiar (toneladas) para a aplicación de | |
| | (Art. 6 e 7) | (Art. 9) |
| Ácido clorhídrico (gas licuado) | 25 | 250 |
| Alquilos de chumbo | 5 | 50 |
| Gases licuados extremadamente inflamables (incluídos GLP) e gas natural | 50 | 200 |
| Acetileno | 5 | 50 |
| Óxido de etileno | 5 | 50 |
| Óxido de propileno | 5 | 50 |
| Metanol | 500 | 5000 |
| 4,4 metilen-bis (2-cloroanilina) e/ou os seus sales en forma pulverulenta | | 0,01 |
| Isocianato de metilo | | 0,15 |
| Oxixeno | 200 | 2000 |
| Diisocianato de tolueno | 10 | 100 |
| Dicloruro de carbonilo (fósxeno) | 0,3 | 0,75 |
| Trihidruro de arsénico (arsina) | 0,2 | 1 |
| Trihidruro de fósforo (fosfina) | 0,2 | 1 |
| Dicloruro de xofre | 1 | 1 |
| Trióxido de xofre | 15 | 75 |
| Policlorodibenzofuranos e policlorodibenzodioxinas (incluída a TCDD) calculadas en equivalente TCDD | | 0,001 |

2. Máis do 28% en peso e que conteñan como máximo un 0,2% de substancias combustibles.

b. Ás solucións acuosas de nitrato de amonio cuxa concentración de nitrato de amonio supere o 80% en peso.

4. Nitrato de amonio (10/50): materiais "fóra de especificación" e fertilizantes que non superen a proba de detonabilidade.

Aplicase:

a. Ao material de refugallo do proceso de fabricación e ao nitrato de amonio e os preparados de nitrato de amonio, fertilizantes simples a base de nitrato de amonio e fertilizantes compostos ou complexos a base de nitrato de amonio a que se refiren as notas 2 e 3 que sexan ou que fosen devoltos polo usuario final a un fabricante, a un lugar de almacenamento temporal ou a unha instalación de transformación para a súa reelaboración, reciclaxe ou tratamento para poderlos utilizar en condicións seguras, por ter deixado de cumprir as especificacións das notas 2 e 3.

b. Aos fertilizantes a que se refiren o primeiro guión da nota 1 e a nota 2 que non cumpren os requisitos do anexo III do Regulamento (CE) nº 2003/2003 do Parlamento europeo e do Consello, do 13 de outubro de 2003, relativo aos fertilizantes.

5. Nitrato potásico (5 000/10 000): fertilizantes compostos a base de nitrato de potasio, constituídos por nitrato de potasio en forma comprimida/granulada.

6. Nitrato potásico (1 250/5 000): fertilizantes compostos a base de nitrato de potasio, constituídos por nitrato de potasio en forma cristalina.

7. Policlorodibenzofuranos e policlorodibenzodioxinas.

As cantidades dos policlorodibenzofuranos e das policlorodibenzodioxinas calcúlanse cos factores de ponderación seguintes:

b. O 15,75%³ ou menos en peso e con materiais combustibles non suxeitos a restricións, e que sexan susceptibles de autodescomposición segundo o ensaio con cubeta da ONU (véxanse as Recomendacións das Nacións Unidas relativas ao transporte de mercadorías perigosas: manual de probas e criterios, parte II, punto 38.2).

2. Nitrato de amonio (1 250/5000): calidade para fertilizantes.

Aplicase aos fertilizantes simples a base de amonio e aos fertilizantes compostos e complexos a base de nitrato de amonio cuxo contido de nitróxeno debido ao nitrato de amonio sexa:

a. Superior ao 24,5% en peso, salvo as mesturas de nitrato de amonio con dolomita, pedra calcaria e/ou carbonato cálcico dunha pureza do 90% como mínimo.

b. Superior ao 15,75% en peso para as mesturas de nitrato de amonio e sulfato de amonio.

c. Superior ao 28%⁴ en peso para as mesturas de nitrato de amonio con dolomita, pedra calcaria ou carbonato cálcico dunha pureza do 90% como mínimo, e que cumpren os requisitos do anexo III do Regulamento (CE) nº 2003/2003 do Parlamento europeo e do Consello, do 13 de outubro de 2003, relativo aos fertilizantes.

3. Nitrato de amonio (350/2 500): calidade técnica.

Aplicase:

a. Ao nitrato de amonio e os preparados de nitrato de amonio cuxo contido de nitróxeno debido ao nitrato de amonio represente:

1. Entre o 24,5% e o 28% en peso e que conteñan como máximo un 0,4% de substancias combustibles.

| Columna 1 | Columna 2 | Columna 3 |
|---|---|-----------------|
| Categoría de substancias perigosas | Cantidade limiar (toneladas) da substancia perigosa no sentido da súa definición dada no artigo 3, para a aplicación de: | |
| | (Art. 6 e 7) | (Art. 9) |
| 3. COMBURENTE | 50 | 200 |
| 4. EXPLOSIVA (véxase a nota 2 cando a substancia, preparado ou obxecto corresponda á división 1.4 do acordo ADR (Nacións Unidas) ¹) | 50 | 200 |
| 5. EXPLOSIVA (véxase a nota 2) cando a substancia, preparado ou obxecto corresponda a algunha das divisións 1.1, 1.71.3, 1.5 ou 1.6 do acordo ADR (Nacións Unidas) ¹ , ou aos enunciados de risco R2 ou R3 | 10 | 50 |
| 6. INFLAMABLE (cando a substancia ou o preparado coinciden coa definición da alínea a) da nota 3) | 5000 | 50000 |
| 7a. MOI INFLAMABLE (cando a substancia ou o preparado coincide coa definición do número 1 da alínea b) da nota 3) | 50 | 200 |
| 7b. Líquido MOI INFLAMABLE (cando a substancia ou o preparado coinciden coa definición do número 2 da alínea b) da nota 3) | 5000 | 50000 |
| 8. EXTREMADAMENTE INFLAMABLE (cando a substancia ou o preparado coinciden coa definición da alínea c) da nota 3. | 10 | 50 |

¹ Recomendacións relativas ao transporte de mercadorías perigosas, elaboradas polo Comité de Expertos en transporte de mercadorías perigosas do Consello Económico e Social das Nacións Unidas.

| Factores de equivalencia tóxica (ITEF) para as familias de substancias de risco (OTAN/CCMS) | | |
|---|-------|---------------------|
| 2,3,7,8-TCDD | 1 | 2,3,7,8-TCDF |
| 1,2,3,7,8-PeDD | 0,5 | 2,3,4,7,8-PeCDF |
| | | 1,2,3,7,8-PeCDF |
| 1,2,3,4,7,8-HxCDD | | |
| 1,2,3,6,7,8-HxCDD | 0,1 | 1,2,3,4,7,8-HxCDF |
| 1,2,3,7,8,9-HxCDD | | 1,2,3,7,8,9-HxCDF |
| | | 1,2,3,6,7,8-HxCDF |
| | | 2,3,4,6,7,8-HxCDF |
| 1,2,3,4,6,7,8-HxCDD | 0,01 | |
| | | |
| OCDD | 0,001 | 1,2,3,4,6,7,8-HpCDF |
| | | 1,2,3,4,7,8,9-HpCDF |
| | | OCDF |
| | | 0,001 |

(T = tetra, Pe = penta, Hx = hexa, Hp = hepta, O = octa)

¹ O 15,75% en peso de contido de nitróxeno debido ao nitrato de amonio corresponde ao 45% de nitrato de amonio.

² O 24,5% en peso de contido de nitróxeno debido ao nitrato de amonio corresponde ao 70% de nitrato de amonio.

³ O 15,75% en peso de contido de nitróxeno debido ao nitrato de amonio corresponde ao 45% de nitrato de amonio.

⁴ O 28% en peso de contido de nitróxeno debido ao nitrato de amonio corresponde ao 80% de nitrato de amonio.

PARTE 2

Categorías de substancias e preparados non denominados especificamente na parte 1

| Columna 1 | Columna 2 | Columna 3 |
|---|---|-----------------|
| Categoría de substancias perigosas | Cantidade limiar (toneladas) da substancia perigosa no sentido da súa definición dada no artigo 3, para a aplicación de: | |
| | (Art. 6 e 7) | (Art. 9) |
| 1. MOI TÓXICA | 5 | 20 |
| 2. TÓXICA | 50 | 200 |

Cando se trate de substancias e preparados que non estean clasificados como perigosos conforme ningún dos reais decretos mencionados, por exemplo residuos, pero que estean presentes nun establecemento, ou poidan estar, e que posúan, ou poidan posuír, nas condicións do establecemento, propiedades equivalentes para orixinar accidentes graves, os procedementos para a clasificación provisoria levaranse a cabo de conformidade co artigo pertinente do real decreto correspondente.

Cando se trate de substancias e preparados cuxas propiedades permitan clasificalos de máis dun modo, aplicaranse as cantidades limiares máis baixas para efectos deste real decreto. Non obstante, para a aplicación da regra da nota 4, a cantidade limiar utilizada será sempre a aplicable á clasificación correspondente.

2. Entenderase por explosivo:

- a. Unha substancia ou preparado que cree riscos de explosión por choque, fricción, lume ou outras fontes de ignición (enunciado de risco R2).
- b. Unha substancia ou preparado que cree grandes riscos de explosión por choque, fricción, lume ou outras fontes de ignición (enunciado de risco R3), ou
- c. Unha substancia, preparado ou obxecto considerado na clase 1 do Acordo europeo sobre transporte internacional de mercadorías perigosas por estrada ADR (Nacións Unidas), celebrado o 30 de setembro de 1957, coas súas modificacións, tal como se incorporou á Directiva 94/55/CE do Consello, do 21 de novembro de 1994, sobre a aproximación das leis e dos decretos dos Estados membros con respecto ao transporte de mercadorías perigosas por estrada.

Inclúense nesta definición as substancias pirotécnicas que, para os efectos deste real decreto, se definen como substancias (ou mesturas de substancias) destinadas a producir un efecto calorífico, luminoso, sonoro, gasoso ou fumixeno ou unha combinación deles, mediante reaccións químicas exotérmicas e autosustentadas. Cando unha substancia ou un preparado estea clasificado tanto no ADR como nos enunciados de risco R2 ou R3, a clasificación do ADR terá preferencia con respecto á asignación de enunciado de risco.

| Columna 1 | Columna 2 | Columna 3 |
|--|---|-----------|
| Categoría de substancias perigosas | Cantidade limiar (toneladas) da substancia perigosa no sentido da súa definición dada no artigo 3, para a aplicación de: (Art. 6 e 7) | (Art. 9) |
| 9. SUBSTANCIAS PERIGOSAS PARA O AMBIENTE en combinación cos seguintes enunciados de risco: | | |
| i) R50: "moi tóxico para os organismos acuáticos" (inclúense R50/53) | 100 | 200 |
| ii) R51/53: "tóxico para os organismos acuáticos; pode provocar a longo prazo efectos negativos no ambiente acuático". | 200 | 500 |
| 10. CALQUERA CLASIFICACIÓN distinta en combinación cos enunciados de risco seguintes: | | |
| i) R14: "reacciona violentamente coa auga" (inclúese R14/15) | 100 | 500 |
| ii) R29: "en contacto coa auga libera gases tóxicos" | 50 | 200 |

NOTAS

1. As substancias e preparados clasifícanse consonte as seguintes normas e a súa adaptación actual ao progreso técnico:

Regulamento sobre notificación de substancias novas e clasificación, envasado e etiquetaxe das substancias perigosas, aprobado polo Real decreto 363/1995, do 10 de marzo, e as súas posteriores modificacións.

Regulamento sobre notificación clasificación, envasado e etiquetaxe de preparados perigosos, aprobado polo Real decreto 255/2003, do 28 de febreiro, e as súas posteriores modificacións.

As substancias e obxectos da clase 1 están clasificados nalgunha das divisións 1.1 a 1.6 conforme o sistema de clasificación do ADR. Estas divisións son as seguintes:

- División 1.1: "Substancias e obxectos que presentan un risco de explosión en masa (unha explosión en masa é unha explosión que afecta de maneira practicamente instantánea a case toda a carga)".
- División 1.2: "Substancias e obxectos que presentan un risco de proxección sen risco de explosión en masa".
- División 1.3: "Substancias e obxectos que presentan un risco de incendio con lixeiro risco de efectos de onda expansiva ou de proxección ou de ambos os efectos, pero sen risco de explosión en masa:
 - a. cuxa combustión dá lugar a unha radiación térmica considerable, ou
 - b. que arden uns a seguir doutros con efectos mínimos de onda expansiva ou de proxección ou de ambos os efectos".
- División 1.4: "Substancias e obxectos que soamente presentan un pequeno risco de explosión en caso de ignición ou cebado durante o transporte. Os efectos limitanse esencialmente aos vultos e normalmente non dan lugar á proxección de fragmentos de tamaño apreciable nin a grandes distancias. Un incendio exterior non debe implicar a explosión practicamente instantánea da case totalidade do contido dos vultos".
- División 1.5: "Substancias moi pouco sensibles que presentan un risco de explosión en masa, cunha sensibilidade tal que, en condicións normais de transporte, soamente existe unha probabilidade moi reducida de cebado ou de que a súa combustión se transforme en detonación. Exíxese como mínimo que non exploten cando sexan sometidas á proba de lume exterior".
- División 1.6: "Obxectos extremadamente pouco sensibles que non supoñan risco de explosión en masa. Estes obxectos non conterán máis que substancias detonantes extremadamente pouco sensibles e que presenten unha probabilidade desprezable de cebado ou de propagación accidental. O risco queda limitado á explosión dun obxecto único".

Nesta definición tamén se inclúen as substancias ou preparados explosivos ou pirotécnicos contido en obxectos. No caso de obxectos que conteñan substancias ou preparados explosivos ou pirotécnicos, se se coñece a cantidade da substancia ou preparado contida no obxecto, considerarase tal cantidade para os efectos deste real decreto. Se non se coñece a cantidade, tratarase todo o obxecto, para os efectos deste real decreto, como explosivo".

3. Por substancias inflamables, moi inflamables e extremadamente inflamables. (categorías 6, 7 e 8), enténdense por:

- a. Líquidos inflamables:

Substancias e preparados cuxo punto de inflamación sexa igual ou superior a 21 °C e inferior ou igual a 55 °C (enunciado de risco R10) e que manteñan a combustión.
- b. Líquidos moi inflamables:
 1. Substancias e preparados que poidan quecer e chegar a inflamarse en contacto co aire a temperatura ambiente sen ningún tipo de enerxía engadida (enunciado de risco R17).
 2. Substancias e preparados cuxo punto de inflamación sexa inferior a 55 °C e que permanezan en estado líquido baixo presión, cando determinadas formas de tratamento, por exemplo presión ou temperatura elevadas, poidan crear riscos de accidentes graves.
2. Substancias e preparados cuxo punto de inflamación sexa inferior 21 °C e que non sexan extremadamente inflamables (enunciado de risco R11, segundo guión).
 - c. Líquidos e gases extremadamente inflamables:
 1. Substancias e preparados líquidos cuxo punto de inflamación sexa inferior a 0 °C cuxo punto de ebulición (ou cando se trate dunha gama de ebulicións, o punto de ebulición inicial) a presión normal sexa inferior ou igual a 35°C (enunciado de risco R12, primeiro guión), e
 2. Gases inflamables ao contacto co aire a temperatura e presión ambientes (enunciado de risco R12, segundo guión) que estean en estado gasoso ou supercrítico, e

3. Substancias e preparados líquidos inflamables e moi inflamables mantidos a unha temperatura superior ao seu punto de ebulición.

4. No caso dun establecemento en que non estea presente ningunha substancia ou preparado en cantidade igual ou superior á cantidade limiar correspondente, aplicarase a seguinte regra para determinar se son aplicables ao establecemento os requisitos pertinentes deste real decreto. Aplicarase este real decreto se a suma

$q_1/Qu_1 + q_2/Qu_2 + q_3/Qu_3 + q_4/Qu_4 + q_5/Qu_5 + \dots$ é igual ou maior que 1 sendo: q_x = a cantidade da substancia perigosas ou categoría de substancias perigosas x prevista nas partes 1 ou 2 deste anexo,

e Qu_x = a cantidade limiar pertinente para a substancia ou categoría x da columna 3 das partes 1 ou 2.

Este real decreto aplicarase, excepto os artigos 9, 11 e 13, se a suma $q_1/QL_1 + q_2/QL_2 + q_3/QL_3 + q_4/QL_4 + q_5/QL_5 + \dots$ é igual ou maior que 1 sendo: q_x = a cantidade da substancia perigosas ou categoría de substancias perigosas x prevista nas partes 1 ou 2 deste anexo,

e QL_x = a cantidade limiar pertinente para a substancia ou categoría x da columna 2 das partes 1 ou 2.

Esta regra aplicarase para avaliar os riscos xerais relacionados coa toxicidade, a inflamabilidade e a ecotoxicidade. Por tanto, deberase aplicar tres veces:

- a. Para a suma de substancias e preparados previstos na parte 1 e clasificados como tóxicos ou moi tóxicos, xunto con substancias e preparados das categorías 1 ou 2.
- b. Para a suma de substancias e preparados determinados na parte 1 e clasificados como comburentes, explosivos, inflamables, moi inflamables ou extremadamente inflamables, xunto con substancias e preparados das categorías 3, 4, 5, 6, 7a, 7b ou 8;
- e
- c. Para a suma de substancias e preparados previstos na parte 1 e clasificados como perigosos para o ambiente (R50 (R50/53 inclusive) ou R51/53), xunto coas substancias e preparados das categorías 9 (i) ou 9 (ii).

Aplicaranse as disposicións pertinentes deste real decreto se algunha das sumas obtidas de a, b ou c é igual ou maior que 1."